



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o Plan Económico-Financeiro do Concello para o período 2016/2017 subscrito pola Alcaldía, de data 20 de maio de 2016, cuxa necesidade se orixina pola Liquidación do exercicio 2015.

Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sendo competente para a súa aprobación o Pleno Municipal.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal de 20 de maio de 2016, teño a ben propoñer á Comisión de Facenda a adopción do seguinte


ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Económico-Financeiro do Concello para o período 2016/2017 nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

SEGUNDO. Remitir o Plan á Comunidade Autónoma (Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro) e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habilitada o efecto na Oficina Virtual de Entidades Locais do mencionado Ministerio. O Plan deberá ser tamén remitido á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.

TERCEIRO. A efectos meramente informativos, publicar anuncio de exposición ao público do Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público dende a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia na Intervención municipal e no portal de transparencia deste Concello.

En Cambados, a 24 de maio de 2016

A Alcaldesa,

Fátima Abal Roma



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO CONCELLO DE CAMBADOS PERÍODO 2016/2017

I.- INTRODUCCIÓN


A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece, para as Entidades Locais, a obrigaón de que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da mencionada normativa, realízanse nun marco de «estabilidade orzamentaria», coherente coa normativa europea.

Entenderase por estabilidade orzamentaria, a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Conforme establece o artigo 11.3 e 11.4 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, as Corporacións Locais non poderán incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, polo que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Segundo establece o artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de Abril, a variación do gasto computable non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Entenderase por gasto computable os empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea ou doutras Administracións e as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento. A taxa de referencia para o cálculo da regra de gasto será publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade, conforme o artigo 12.3 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de Abril.

Deberase cumprir o principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública.

De acordo ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no seu artigo 21, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o Concello debe formular un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

II.- CAUSAS: DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TENDENCIAL

Con motivo da elaboración e aprobación da Liquidación do exercicio 2015 a Intervención municipal levou a cabo a emisión dos informes correspondentes ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda. De tales informes conclúese o seguinte:

1º.- O Concello de Cambados cumpre co límite da débeda xa que o volume de débeda viva a 31 de decembro de 2015 ascendeu a 2.046.096,23 €, o que supón un 23,88% dos ingresos correntes liquidados: 8.567.557,92 €. Dos datos resultantes se deduce que o nivel de débeda así calculado está por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLRFL.

2º.- O Concello de Cambados incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co seguinte detalle:

Ingresos non financeiros: 9.605.533,08 €

Gastos non financeiros: - 9.463.795,60 €

Axustes propia entidade: -483.854,33 €

Necesidade de financiamento: -342.116,85 €

3º.- O Concello de Cambados incumpre o límite da regra de gasto, de acordo co seguinte detalle:

Gasto computable liquidación 2014: 7.772.544,66 €

Límite regra de gasto 2015: 7.873.587,74 €

Gasto computable liquidación 2015: 8.340.534,39 €

Incumprimento regra de gasto: -466.946,65 €

Segundo se desprende do Informe de Intervención de data 29 de febreiro de 2016, a causa principal pola que se produciron ditos incumprimentos foi o incremento de gastos realizados sen crédito orzamentario no exercicio anterior e que quedaron pendentes de aprobación (saldo conta 413).

Dita situación leva consigo tamén o aumento da débeda comercial e o incumprimento do período medio de pago, xa que ditos gastos precisan para a súa aprobación e pago da tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos que fai imposible o cumprimento dos prazos legais de recoñecemento e pago das obrigas.

Con ocasión da aprobación do Orzamento do exercicio 2016 emitíuse Informe de Intervención do que se conclúe que este Concello cumpre inicialmente co obxectivo de estabilidade orzamentaria, co límite de débeda e coa regra de gasto para 2016.

Respecto das previsións tendenciais de ingresos e gastos 2016 e 2017, baixo o suposto de que non se produzan cambios nas políticas fiscais e de gastos, estas recóllense no documento confeccionado a través da plataforma habilitada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na Oficina Virtual de Entidades Locais e anexo a este Plan.





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

III.- MEDIDAS: DESCRIPCIÓN, CUANTIFICACIÓN E CALENDARIO

O presente Plan baséase nunha única medida encamiñada ao control e redución do gasto de forma que se minore o saldo da conta 413 ao final dos exercicios 2016 e 2017 e así dar cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Para acadar este obxectivo será necesario poñer en práctica as seguintes actuacións:

- O remate da realización de calquera tipo de gastos que carezan de crédito orzamentario dispoñible, adecuado e suficiente, resultando imprescindible a estricta planificación, control, seguimento e fiscalización de calquera gasto municipal. Dando máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria, de xeito tal que todos os gastos correspondentes ao ano en curso sexan executados íntegramente durante o mesmo ano.

No caso de existir a finais do presente exercicio 2016 facturas pendentes de aplicar ao Orzamento por falta de crédito, o importe que se fixa como límite será un 40% inferior o resultante do saldo da conta 413 a 31/12/2015. Para o exercicio 2017 se prevé unha minoración no saldo da mencionada conta 413 da mesma porcentaxe do 40% con respecto o saldo da conta a 31/12/2016.

- Contención de todo gasto corrente que non sexa necesario para seguir prestando os servizos públicos básicos.

- O análise daqueles subministros e servizos respecto dos cales se poidan negociar condicións económicas mais vantaxosas para a entidade (especialmente respecto á adquisición de material de obras, material de oficina ...).

Os contratos menores supoñen unha simplificación substancial do procedemento de adxudicación dos contratos, polo que a súa tramitación debe ser restritiva e en todo caso débese conciliar cos requisitos e principios que informan a contratación pública, isto é a obxectividade, transparencia, publicidade e sobre todo os de igualdade e non discriminación. Únicamente é apto para atender as necesidades de carácter puntual e non permanente. Corresponde ó órgano de contratación realizar a programación do gasto en función das necesidades a cubrir. Deste xeito, si a necesidade é previsible e permanece no tempo, deberá utilizarse calquera dos procedementos ordinarios de adxudicación dos contratos.

- A tramitación dos expedientes de contratación a través dos procedementos que legalmente procedan en materias tales como subministro de enerxía eléctrica, equipamento informático, combustible vehículos, punto limpo, mantemento ascensores ...

- Manter o período medio de pago (PMP) por debaixo do límite legal de 30 días.

Respecto da cuantificación e calendario da medida proposta, estas recóllense no documento confeccionado a través da plataforma habilitada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na Oficina Virtual de Entidades Locais e anexo a este Plan.

Non se estima necesaria nin xustificada a adopción das medidas adicionais introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)


Local, xa que o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na Liquidación 2015 non ven provocado por deficiencias estruturais ou organizativas.

IV.- CONCLUSIÓNS: CONCLUSIÓN E OBXECTIVO

Tal e como se recolle no documento confeccionado a través da plataforma habilitada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na Oficina Virtual de Entidades Locais e anexo a este Plan, unha vez aplicadas as medidas contidas no presente Plan, o Concello de Cambados cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto ao final do exercicio 2016 e 2017, con ocasión da aprobación da liquidación dos mencionados exercicios. Así mesmo se estima un volume de débeda viva inferior o legalmente previsto como límite e o cumprimento do periodo medio de pago.

En Cambados, a 20 de maio de 2016

A Alcaldesa,



Fátima Abal Roma